

NOTA INFORMATIVA

Coincidindo coa celebración do *Día Europeo das Linguas*, os alcaldes de Santiago de Compostela, Pontevedra, Vigo, Lugo e Ferrol, asinaron hoxe, xunto aos representantes da *Confederación Intersindical Galega do Ensino*, a *Asociación Socio-Pedagóxica Galega* e o *Instituto para o desenvolvemento de software en galego- Galego 21*, o convenio de colaboración para realizar o programa ***Ciberlingua***.

Ciberlingua é un programa totalmente innovador de dinamización lingüística no ámbito socioeducativo baseado no coñecemento e difusión do emprego de Internet e dos recursos que ofrece en galego. Este programa pretende popularizar, desde o noso idioma, o uso das tecnoloxías da información e da comunicación nas comunidades educativas das cinco cidades a través de varias actuacións básicas.

O convenio asinado hoxe establece que o programa se vai realizar durante o curso 2001-02. A partir de obradoiros destinados ao profesorado e de sesións guiadas destinadas ao alumnado de primeiro e segundo ciclo de ESO, xunto coa publicación dun manual, dunha guía de recursos e dun paquete de programas e aplicacións en galego, procurárase achegar o emprego da rede ao ámbito educativo de maneira atractiva e creativa. As actividades desenvolveranse en centros de ensino e tamén nos cibers, espazos habituais de acceso á rede por parte da mocidade, de xeito que se estableza unha comunicación entre o medio escolar e o ámbito social. O obxectivo final deste proxecto é contribuír desde a comunidade escolar á creación dun espacio galego e en galego na rede.

O custo total do proxecto é de case 12 millóns de pesetas, que financiarán os concellos con cargo aos seus orzamentos. É de destacar que por primeira vez desde as eleccións democráticas de 1979 os concellos de cinco cidades asinan unha actuación conxunta en torno a un valor tan importante como a lingua galega. Así mesmo, cómpre resaltar a colaboración entre administración e entidades socioeducativas nun proxecto de promoción do uso da lingua e difusión das tecnoloxías da comunicación, acurtando o desfase escola-sociedade e procurando que o ensino público xogue un papel equilibrador no acceso a estas novas tecnoloxías.

Santiago de Compostela, 26 de setembro de 2001
Día Europeo das Linguas